

ESTADO DE GASTOS

<i>CAPÍTULO</i>	<i>EUROS</i>
I. — Gastos de persoal	4.327.513,54 €
II. — Gastos en bens correntes e servicios	5.083.138,00 €
III. — Gastos financeiros	137.120,58 €
IV. — Transferencias correntes	562.631,00 €
VI. — Inversións reais	1.597.365,00 €
VII. — Transferencias de capital.....	172.612,00 €
VIII. — Variación de activos financeiros	15.000,00 €
IX. — Variación de pasivos financeiros.....	550.369,88 €
TOTAL INGRESOS	12.445.750,00 €

Contra a devandita aprobación definitiva poderá interpoñerse directamente recuso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas desta xurisdicción.

A Estrada a 8 de marzo de 2013.—O Alcalde, José Carlos López Campos.

2013002279

* * *

O GROVE**A N U N C I O**

O Pleno municipal aprobou inicialmente a Ordenanza municipal reguladora da organización e celebración dos acollementos civís do Concello do Grove. Durante o prazo de exposición pública non se formulou reclamación algunha contra da mesma, polo que resultou definitivamente aprobada e publícase o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia para que entre en vigor.

Edítase para xeral coñecemento e faise constar que contra o acordo e a Ordenanza aprobada pódese interpor un recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, que comezarán a contar desde a data desta publicación.

**NORMAS REGULADORAS DA ORGANIZACIÓN E CELEBRACIÓN DOS ACOLLEMENTOS CIVÍS
DO CONCELLO DO GROVE***PREÁMBULO*

O Concello do Grove, de acordo coa Declaración Universal dos Dereitos do Neno de 1959 e coa Convención sobre os Dereitos do Neno de 1989, torna en consideración as necesidades dos nenos e nenas e, no exercicio das súas competencias, coa cerimonia de "acollemento civil" ou "acto de benvida á comunidade", acto de natureza civil e laica, pretende iniciar os nenos e nenas do municipio no camiño das actitudes cívicas que os conduzan a unha vida baseada nos valores indivisibles e universais da dignidade humana, a liberdade, a igualdade e a solidariedade para que poidan ser cidadáns libres e iguais en dereitos e deberes.

ARTIGO 1. OBXECTO, FINALIDADE E SUXEITOS

É obxecto deste regulamento a organización do acto social denominado "acollemento civil" ou "acto de benvida á comunidade", a través do cal o Concello do Grove fai público un recoñecemento de acollida ao neno ou nena que naceu ou vive no Grove, comprometéndose, xunto coa súa familia, a defender e garantir os seus dereitos.

O acollemento civil non produce efectos legais nin presupón privilexio ningún ou preferencia do neno ou nena acollido no acceso aos servizos municipais, mais reafirma o compromiso do municipio na procura de que os dereitos dos nenos e nenas gocen dunha protección preferente.

Son suxeitos deste acto social os nenos e nenas do concello do Grove.

ARTIGO 2. REQUISITOS

1. Estar empadroado no Concello do Grove.
2. Non ter unha idade superior aos 18 anos.
3. Consentimento dos representantes legais do menor.

ARTIGO 3. PROCEDIMENTO

Presentar a solicitude de celebración da cerimonia de acollemento civil no Rexistro do Concello do Grove, asinada polo representante legal do menor, achegando unha fotocopia dos DNI e do Libro de Familia ou do documento acreditativo da dita representación legal.

A acreditación dos datos padroais farana de oficio os servizos municipais.

De non cumprir os requisitos, comunicarase a non procedencia da tramitación e, de estar incompleta, darase un prazo de 5 días para emendala. No caso de non facelo, darase por desistida a solicitude.

Se está completa a documentación, tramitarase a petición e comunicaráselle no prazo dun mes ao solicitante a confirmación da data de celebración do acto.

Os pais poderán designar dúas persoas, corno máximo, que actuarán corno padriños da cerimonia e que tamén velarán polo respecto aos dereitos da nena ou neno.

ARTIGO 4. CELEBRACIÓN

O acto de celebración da cerimonia de acollemento civil terá lugar nas dependencias da Casa do Concello do Grove (salón de plenos ou sala).

Estará presidido polo alcalde/sa ou o/a concelleiro/a en quen delegue, que recibirá o neno ou nena como membro da comunidade política.

Consistirá na lectura ao neno ou nena e aos seus representantes e padriños da Declaración dos Dereitos do Neno de 1959 e dos artigos 27.1, 27.2 e 39.4 da Constitución española, sen prexuízo da posibilidade de que a autoridade ou as persoas solicitantes poidan elixir algún outro texto a maiores que lles pareza interesante para ler durante a cerimonia.

Os representantes legais e os padriños formularán o compromiso de educalo segundo os principios que se recollen nese texto e nas demais normas vixentes en Galicia e no Estado español.

Os actos poderán ser individuais ou colectivos, e poderán asistir familiares e convidados coas únicas limitacións que impoña a capacidade do espazo en que se desenvolva a cerimonia.

O presidente redactará unha acta, que será asinada polos representantes legais do neno ou nena e, de ser o caso, polos padriños.

Fíxase como data de celebración destas ceremonias o derradeiro sábado de cada mes.

ARTIGO 5. REXISTRO MUNICIPAL DE ACOLLEMENTOS CIVÍS

- a) Crease un rexistro municipal de carácter administrativo para inscribir os acollementos civís celebrados no Concello do Grove, que estará a cargo da Secretaría xeral do Concello.
- b) O rexistro materializarase nun libro-rexistro municipal constituído por follas numeradas e seladas, legalizado coa sinatura da Secretaría e da Alcaldía.. Ao comezo e ao final deste estenderanse as respectivas dilixencias de apertura e de peche.
- c) O libro de Rexistro municipal de acollementos civís non ten carácter público, e expediranse certificacións dos seus asentos exclusivamente por pedimento de calquera dos solicitantes, pais ou titores legais, ou dos inscritos, unha vez acadada a maioría de idade, tamén dos xuíces ou tribunais de xustiza.
- d) O tratamento dos datos que figuran neste rexistro requirirá o consentimento expreso das persoas que teñan a representación do/a menor ou deste/a, cando sexa maior de idade. En todo caso, calquera actuación respectará estritamente a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

e) Nos asentos do libro recolleranse os seguintes datos:

- Número de inscrición
- Data de celebración da cerimonia
- Nome, apelidos, enderezo e data de nacemento do/a menor
- Nome e apelidos, enderezo e DNI dos pais ou titores, así como dos padriños
- Lugar e data da inscrición

DISPOSICIÓN ADICIONAL

A celebración do acto de acollemento civil é gratuíta.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Esta normativa entrará en vigor logo de que sexa publicado o seu texto completo no BOP, e transcorrido o prazo sinalado no artigo 65.2, en relación co 70.2, ambos os dous da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

O Grove, a 19 de febreiro de 2013.—O Alcalde, Miguel Ángel Pérez García.

2013002084

* * *

PONTEAREAS

A N U N C I O

Notificación edictal por domicilio descoñecido

Por resultar descoñecido o propietario da parcela en cuestión, e os seu domicilio a efectos de notificacións, en aplicación do disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ponse en coñecemento do interesado que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 25 de febreiro de 2013 acordou:

4.B) INFORME SOBRE INCUMPRIMENTO DO DECRETO 105/2006 DE 26 DE XUÑO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS E LEI 3/2007 DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS EN GALICIA, NAS PARCELAS 134, 182 E 182, DO BARRIO DE CORTELLAS, EN PADRÓNS (POLÍGONO 144).

Denunciante: Enrique Troncoso Amoedo

Denunciados: Miguel Angel Amoedo Míguez, Carmen Mouriño Real, e Eloisa Martínez Amoedo.

Visto informe do departamento de medio ambiente do 18-02-13 sobre incumprimento do Decreto 105/2006 de 26 de xuño de Prevención de Incendios forestais e Lei 3/2007 de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais en Galicia, nas parcelas 134, 182 e 182, do barrio de Cortellas, en Padróns (polígono 144)

Denunciante: Enrique Troncoso Amoedo

Denunciados: Miguel Angel Amoedo Míguez, Carmen Mouriño Real, e Eloisa Martínez Amoedo.

Vista a acta de visita de inspección do 15-02-13.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade a favor dos membros presentes (7 votos a favor) acorda:

- Ordear a don Miguel Angel Amoedo Míguez (DNI 77.000.563-J) propietario da parcela nº 00134 (domicilio descoñecido) .../... para que no prazo de 15 días, a contar dende o seguinte ao recibo deste acordo proceda a limpar as citadas parcelas situadas nas Cortellas (Padróns), procedendo á eliminación total de todo tipo de vexetación nunha faixa de 10 metros dende o lindeiro, á eliminación total do estrato arbustivo e a eliminación do estrato herbáceo ata 20 cm de altura.